

DOCUMENTO TÉCNICO

DEPORTE E MATEMÁTICAS

(Matemáticas para 3º primaria)

Jorge García García
Mónica Boullón Villar

Requisitos:

O presente ODE está deseñado coa ferramenta eXeLearning, unha aplicación de código aberto para a creación de contido educativo. Esta concebido para ser empregado directamente nunha aula a

A execución das Odes presentadas require un dispositivo cun **navegador web** como pode ser Mozilla Firefox, Google Chrome ou Internet Explorer.

Ter unha boa conexión a Internet é preciso para poder ver o material multimedia de forma eficaz e áxil. Tamén para descargar os documentos pdf que se proporcionan.

É recomendable dispoñer de **dispositivos de saída de audio** (cascos ou auriculares).

Instalación e posta en marcha

A presente Ode está deseñada coa ferramenta eXeLearning (versión 2,9), unha aplicación de código aberto para a creación de contido educativo.

A flexibilidade de eXeLearning fai que tanto reproducir os seus contidos en local como na web sexa un proceso sinxelo. Permite a exportación a HTML, HTML5, SCORM1.2, IMS ou outros formatos e publicar na Rede, Moodle (na aula virtual do teu centro), etc.

O recurso pode ser editado a través do arquivo que serve de fonte (coa extensión elp). A edición con esta ferramenta esixe a instalación do programa eXeLearning no sistema operativo que se desexe empregar. Unha vez lanzado o programa, empregarase un navegador web para o acceso aos contidos do ODE en modo edición e ás distintas opcións a través dos menús accesibles a través da barra de ferramentas superior e mais on paneis laterais.

Na páxina <https://exelearning.net/gl/> dentro da pestana “axuda” atopas a información sobre a instalación nos diferentes sistemas operativos (GNU Linux, Windows e MacOS), entorno de traballo, etc. Tamén atoparemos información de como compartir os contidos.

As Odes tamén as facilitamos exportadas como sitio web nun arquivo comprimido ZIP. Os pasos para poder ver os contidos serían:

1. Descomprimimos o ficheiro .zip da Unidade a un cartafol.
2. Mediante o explorador de arquivos do noso ordenador imos ao cartafol creado e facemos dobre clic no arquivo “index.html”.
3. Abrirase o navegador web por defecto do noso equipo e mostrará os contidos.

Deste xeito tamén poderás visualizar e traballar empregando dispositivos Android (tablets ou smartphones).

Se compartimos este cartafol co noso alumnado, estes poderán reproducir os contidos seguindo os mesmos pasos e sen necesidade de estar conectados á Rede.